

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN **un só bedel**

Accións a realizar por parte dun so bedel en caso de evacuación ou simulacro.

Por indicación do Director ou cargo directivo faranse as seguintes actuacións correlativamente:

1.- Aviso á Xefa de Estudos e apertura de portas de evacuación secundarias:

Localizar á Xefa de Estudos e avísala para que acuda á conserxería.

A continuación recolle as chaves da parte posterior do edificio e diríxirse **á porta que comunica o patio cuberto e o vestíbulo de Orientación** e comproba o funcionamento antipánico desta porta, en caso negativo ábrea completamente.

Abre a porta que comunica co aparcadoiro desde o vestíbulo de educación física.

2.- Comproba o funcionamento das portas antipánico da entrada principal-xardín, **avisa para a saída na aula de desdobre deste Hall** (saen antes de soar a alarma).

Diríxese cara o vestíbulo do Salón e **comproba as portas antipánico que comunican o vestíbulo Salón co xardín, se é necesario ábreas**. Avisa en Cafetería, Biblioteca, Desdobre, Salón da evacuación e Oficinas.

En caso de que a emerxencia se produza no Salón, ou que estea moi concorrido (acto, exame, etc.) abrirase a porta vestíbulo Salón-xardín en 1º lugar e tamén a porta que comunica o Salón co xardín lateral. Nota: este segundo punto, a criterio da Directora pode executalo calquera outra persoa nomeado por ela, nese caso indicarlle ó bedel a súa decisión.

3- Toque de alarma para a evacuación:

Unha vez que a directora ou cargo comprobou a apertura das portas e as vías de evacuación, tocar o timbre ininterrompidamente durante 15 segundos seguidos por un período de descanso de 5 segundos; repetir o ciclo dúas veces máis. Chamar por teléfono á vivenda do bedel para que evacúen.

Comprobar:

A apertura e permanencia nesta posición das portas do aparcamento, lugar por onde entrarán as axudas externas.

Comprobar que **está aberta a porta que comunica o patio cuberto e o xardín**.

Péchase o subministro de electricidade por indicación da directora.

Quedan pendentes do teléfono e á disposición do Xefe de Emerxencia e do Coordinador Xeral.

Conserxes. Guía de actuación. Emerxencia ou simulacro. Un só bedel.

1.- Puntos 5, 6 e 7 encargarllos a outra persoa que non sexa bedel.

- 1.- Directora ou cargo ordena avisar á Xefa de Estudos para que vaia á conserxería. Regresa á conserxería.
- 2.- Colle as chaves no armario de emerxencia das **portas de evacuación posteriores**:
Patio cuberto-vestíbulo orientación. Comproba o funcionamento da porta antipánico (045)
Vestíbulo educación física-patio aparcadoiro. Abre esta porta(023)
- 3.- [Só en caso de emerxencia real:]**Avisa ás visitas** das salas de visita para que evacúen pola porta do aparcamento-vestíbulo principal, deixando o coche. En caso de simulacro non é necesario que evacúen.
- 4.- Regresa á conserxería. Informa á directora ou Xefe de Emerxencia da apertura das portas de evacuación de atrás.
- 5.- Colle as chaves do armario de emerxencia das portas anteriores:
Xardín-entrada vestíbulo principal. (055)
Xardín-vestíbulo Salón. (066)
- 6.- Comproba o funcionamento das portas antipánico da entrada principal. Avisa no desdobre do *Hall* da entrada.
- 7.- Diríxese cara o *Hall* do Salón, avisa en oficinas, comproba as portas antipánico do xardín-vestíbulo Salón e avisa na biblioteca, cafetería, salón e desdobre. En caso de haber actividade ou estar concorrido o salón empezará avisando no salón.
- 8.- Abre a porta de **entrada de vehículos** no aparcamento e déixaa aberta
- 9.- Comproba que está aberta a porta que comunica o patio cuberto e o xardín. En caso contrario ábrea(003). ----- Informa á directora de que está feito ata aquí o seu traballo.
- 10.- Por indicación da directora **fai soar o timbre** de alarma 15 segundos, seguido de 5 segundos de silencio, e repite este proceso dúas veces máis.
- 11.- Chama por **teléfono á vivenda do bedel** avisando da evacuación [tecla 3 do teléfono].
- 12.- Abre a porta da conserxería-cadro eléctrico (057). Interrompe o subministro eléctrico baixando o **interruptor xeral no cadro** eléctrico xeral do Centro.